



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000003

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos, do día dous de febreiro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 48 de de data 01 de febreiro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste e xustifica a ausencia, don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro .

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:26.01.23 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do 5.01.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistente á sesión)..

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.- **.- Licenza de primeira ocupación.**

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN:

“Expte.07/2015. [REDACTED] - Para a licenza de primeira ocupación de vivienda unifamiliar sita no [REDACTED] parroquia de Sequeiro, Valdoviño, e que se corresponde co expediente de obras nº 05/2010 ,con licenza municipal de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/06/2010, sendo notificado dito acordo o 29/06/2010.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 25/01/2023 no que conclúe que o edificio executado reúne as condición establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) e polo tanto procede dende o punto de vista técnico, a informar a solicitude realizada como **FAVORABLE.**

Considerando o anteriormente exposto, esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Rexime Local, **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder ao solicitante [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de **vivienda unifamiliar sita no** [REDACTED] parroquia de Sequeiro, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro , do Solo de Galicia, do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia e o artigo 12 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia.

Segundo.- Practicaraselle a **liquidación da taxa** por expedición de licenza de 1ª ocupación, cuxo importe é de **75,20 euros**, segundo calculo que consta no informe do arquitecto municipal de 25/01/2023.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado cos recursos que procedan e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite e para os Servizos Económicos aos efectos oportunos.

En Valdoviño a 31 de Xaneiro de 2023

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede, outorgando licenza de 1ª ocupación de vivenda ao promotor do expte. 7/2015.

.- Prórroga licenza para construción de vivenda.

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Nº Expediente: 147/2019

Asunto: Prórroga de Licenza

Visto acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/11/2019 polo que se concedeu a [REDACTED] [REDACTED] licenza para as obras de construción de vivenda unifamiliar no [REDACTED] parroquia de Lago (expediente 147/2019). Outorgouselle un prazo de 36 meses para a execución das obras, sendolle notificado o acordo ao interesado en data 20/01/2020.

Visto escrito presentado polo interesado o 22/12/2022, no que solicita unha prórroga da licenza de obras outorgada.

Considerando que a día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

Xirada visita en data 25 de xaneiro de dous mil vinte e dous, compróbanse que as obras estanse a executar.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 25 de xaneiro de 2023.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a **prórroga de licenza de obras** para a construción de vivenda unifamiliar, sita no [REDACTED] parroquia de Lago. (expediente 147/2019).

Segundo.- Aprobar a **liquidación de taxas** que ascende á cantidade de **4,81 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes co recurso que proceda.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos

En Valdoviño a 31 de xaneiro de 2023
O Alcalde Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede, outorgando prórroga de licenza de obras no expte. 147/2019 .

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE CULTURA.-

..-APROBACIÓN BASES XIII FESTIVAL DE ENTROIDO. ANO 2023.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Manifestando a Corporación Municipal o interés en celebrar un festival de entroido , recuperando a festa cíclica que tiña lugar antes da pandemia, preséntanse as bases que rexerán no XXIII FESTIVAL DO ENTROIDO 2023 no Concello de Valdoviño.

Tendo en conta a necesidade de outorgarlle ás comparsas participantes unha axuda polo esforzo que levan a cabo e polos gastos aos que teñen que facer fronte , así como tendo intención de incentivar a aquelas comparsas que sexan elixidas as mellores do entroido 2023 entre todas as presentadas, establecense nas bases unhas axudas de participación e axudas por concursaren ás comparsas que reunan as condicións e requisitos esixidos. Ademais, estimando a demanda xurdida nas últimas edicións do festival por parte de veciños que reclamaban un espazo para a mostra do antroidos que non formen comparsa (antroidos en modo individual ou en pequeno grupo), propios tamén do antroido tradicional galego),establecese a categoría “outros” .

O importe total destinado a esta actividade será de 3.450,00 euros (tres mil catrocentos cincuenta euros).

Pasarase a dar difusión da convocatoria de axudas ás comparsas e publicidade das bases establecidas a través do taboleiro de anunciós do concello , a través de carteis, na prensa, na páxina web e nas redes sociais do concello , a través da mensaxería móvil, correo electrónico e no BOP da provincia da Coruña.

Á vista do anteriormente exposto esta Alcaldía propón que se adopte o seguinte acordo :

PRIMEIRO ; Aprobar as Bases que rexerán no XXIII Festival do Entroido 2023 e as axudas que se recollen nas mesmas por un importe total de 3.450,00 euros como máximo con cargo a aplicación orzamentaria 334.48000 .

Valdoviño a 31 de xaneiro de 2023.

Alcalde

Alberto González Fernández” .

CONCELLO DE VALDOVIÑO. XXIII FESTIVAL DE ENTROIDO 2023
BASES QUE REXERÁN NO XXIII FESTIVAL DO ENTROIDO 2023 NO CONCELLO DE VALDOVIÑO .

O obxecto das presentes bases é promover polo Concello de Valdoviño o XXIII Festival de Entroido que se celebrará o sábado 25 de febreiro no Concello de Valdoviño.

1.- Poderán participar no XXIII Festival de Entroido do Concello de Valdoviño as entidades legalmente constituídas e/ou grupos ocasionais que cumpran as condicións establecidas nas seguintes bases. En todo caso nomearase un representante debidamente autorizado para actuar en nome do grupo.

2.- Poderán participar no festival todas as persoas interesadas nas seguintes categorías:

A) COMPARSA: considerarase comparsa o grupo de persoas integrado por un número igual ou superior a dez compoñentes debidamente disfrazados e gardando unha unidade temática na súa vestimenta e actuación. Todas as inscritas poden optar a unha axuda económica, e as gañadoras do concurso a vales para consumo en empresa local de Valdoviño (cesión do dereito do gañador ao establecemento comercial).

No caso de comparsas nas que participen menores, estes non poderán superar en número o 50% da formación.

B) OUTROS: entran nesta categoría os disfrazados a título individual, as parellas de disfraces e grupos de até cinco persoas. A título de disfrace individual non se admitirán menores; porén estes si poderán formar parte de parellas ou grupos sempre e cando o fagan acompañados de polo menos un adulto que se responsabilice dos mesmos. A parella ou grupo deberá de manter unha uniformidade de criterio na súa indumentaria. Os gañadores optarán a vales para consumo en empresa local de Valdoviño (cesión do dereito do gañador ao establecemento comercial).

3.- O Concello de Valdoviño destina a cantidade máxima de 3.450,00 euros en calidade de axudas para distribuír entre as categorías participantes nas modalidades: COMPARSA e OUTROS. O gasto imputarase á partida orzamentaria 334.48000.

4.- En relación ao punto anterior, a cantidade máxima destinada a **axudas de participación** a todas as COMPARSAS admitidas será de 3.000,00 euros, a cantidade destinada a **axuda de concurso** na modalidade COMPARSAS será de 300,00 euros e a cantidade máxima destinada na modalidade OUTROS será de 150,00 euros.

5.- No referido ás axudas por participación, a cantidade máxima que recibirá cada comparsa que reuna as condicións e requisitos esixidos nestas BASES será de 300'00 euros. O pagamento farase efectivo mediante transferencia bancaria na conta sinalada na documentación da inscrición na que deberá constar o IBAN. De ser o caso, aplicarase a retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

6.- No referido ao concurso na **CATEGORÍA DE COMPARSAS**, o Concello de Valdoviño destinará 300,00 euros que serán repartidos en dous vales para consumo en comercio local de Valdoviño (cesión do dereito do gañador ao establecemento comercial) de 150 € cada un entre as dúas comparsas concursantes que resulten escollidas como as mellores do ano 2023 . Unha das comparsas será elixida polo xurado formado por cada un dos representantes nomeados polas comparsas e outra será elixida polo xurado formado polo equipo de traballo da área de cultura do Concello de Valdoviño. Unha mesma comparsa non pode ser destinataria de máis dunha axuda de concurso.

7.- No referido á **CATEGORÍA DE OUTROS** os 150,00 euros destinados a este fin repartiranse a razón de 3 vales de consumo en empresa local de Valdoviño (cesión do dereito do gañador ao establecemento comercial) de 50,00 euros por vale, que irán destinados aos tres mellores disfraces que concursen nesta categoría escollidos polo xurado formado polos representates nomeados polas comparsas. No caso de que NON PROCEDA outorgar todos ou algún dos vales por ficar deserta esta opción ou por incumprimento das bases dos inscritos, a organización decidirá se destinar ese importe ao apartado “concurso de comparsas”.

8.- Para poder participar en calquera das categorías será imprescindible cumprimentar a solicitude de inscrición correspondente e os seus documentos anexos e entregalos na Casa da Cultura do Concello nas seguintes datas e horarios: **días 13, 14, 15, 16, 17 e 20 de febreiro das 11 ás 14 horas e das 16 ás 19 horas**. Non se recollerán inscricións nas que non se presente toda a documentación incluída a letra das cancións e/ou das parodias.

9.- O modelo de instancia e Bases de inscrición facilitaranse na Casa da Cultura e estará dispoñíbel tamén na páxina web do Concello para a súa descarga.

10.- A cantidade máxima de comparsas que se admitirán a participar nesta edición do Entroido 2023 será de dez que serán admitidas seguindo os seguintes criterios:

1º) Terán preferencia sempre que cumpran os requisitos establecidos nas bases, as comparsas formadas por veciños-as de Valdoviño.

2º) Seguidamente computaranse as comparsas dos outros municipios.

3º) No caso de que haxa máis de 10 comparsas inscritas, as comparsas de Valdoviño serán admitidas na súa totalidade e farase un sorteo público o día 22 de xaneiro ás 13:00 horas na Casa da Cultura entre as comparsas que non son de Valdoviño para determinar cales serán as participantes.

A organización reservarase o dereito á cancelación do evento no suposto de que non se acade o número mínimo de 3 comparsas participantes.

11.- A orde de inscrición de cada comparsa **DETERMINARÁ** a orde de saída ao escenario e a colocación no pasarrúas. **O mércores 22 de febreiro** confirmarase por correo electrónico e ao responsábel de cada comparsa a súa participación na XXIII Edición do Festival do Entroido do Concello de Valdoviño.

12.- As comparsas inscritas asumen o compromiso de desfilaren en pasarrúas . Con tal motivo, os participantes deberán estar ás 17,00 horas nas inmediacións do edificio da Casa do Concello para, atendendo ás indicacións da organización, colocarse con tempo suficiente para iniciar o desfile ás 17,30 horas. O percorrido comprenderá o seguinte tramo: saída desde a Casa do Concello desfilando pola estrada principal ata chegar á Casa da Cultura.

13.- As comparsas que leven no pasarrúas vehículos a motor deberán contar cos permisos de circulación, de inspección técnica (ITV) e seguros correspondentes sendo isto responsabilidade das

persoas que figuran como inscritas. Atenderase neste punto ao estipulado no Regulamento xeral de Circulación.

14- Cada comparsa deberá interpretar ante o público nas instalacións destinadas ao evento un máximo de dúas cancións ou de dúas parodias, ou ben, dunha parodia e dunha canción. Polo menos unha delas terá que estar escrita e ser interpretada en lingua galega, e un dos temas **deberá obrigatoriamente versar sobre Valdoviño**. As comparsas que necesiten música deberán facilitala en soporte USB o mesmo día do festival.

15.- O tempo máximo de posta en escena para cada comparsa será de 10 minutos. As comparsas que superen o tempo regulamentariamente establecido e permanezan no escenario despois de seren avisadas, poderán ser descalificadas polo equipo de organización do evento.

16.- Serán as propias comparsas as que libremente decidan distribuír a letra das súas cancións entre os asistentes ao festival. Dado o carácter humorístico desta festa tradicional, o Concello de Valdoviño non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das comparsas e entroidos participantes.

17.- Na modalidade **“OUTROS”** non haberá límite de inscricións. Os anotados asumen o compromiso de desfilaren en pasarrúas, polo que deberán presentarse as 17,00 horas no punto de saída; igualmente deberán desfilan, cando se lles indique, polo escenario habilitado na Casa da Cultura. Os anotados deberán levar nun lugar visíbel o dorsal que recibirán no momento de faceren a inscrición. Non serán obxecto de valoración aqueles que aínda inscritos non cumbran o aquí estipulado.

18.- XURADO 1: Cada **COMPARSA** participante designará a unha persoa debendo dar o nome e DNI da persoa que vaia a realizar esa tarefa na inscrición. Esta persoa deberá acreditarse perante a organización antes do comezo do pasarrúas. Pode ser un dos membros da comparsa pero neste caso non poderá desfilan no pasarrúas. O representante elixido como xurado terá o obriga de permanecer no lugar habilitado para tal fin e de visionar todas as actuacións. O abandono por parte da persoa do xurado sen previo aviso á organización e sen causa xustificada significará a descalificación da comparsa á que representa.

Cada membro do xurado representante das comparsas recibirá unha ficha sobre a que facer a valoración. Na mesma puntuará a cada comparsa, excepto á que representa, cun valor comprendido entre o 1 e o 5 nas opción de pasarrúas e cun valor comprendido entre o 1 a 5 na opción de escenario. Ambos valores sumaranse e a comparsa que acade o valor máis alto será a gañadora do vale para consumo en empresa local de Valdoviño (cesión do dereito do gañador ao establecemento comercial) por importe de 150 euros. Como criterios de valoración o xurado deberá ter en conta: a orixinalidade e vistosidade do disface, a simpatía, e a conservación das características do entroido tradicional. En caso de empates, os membros do xurado deberán reunirse e volver a votar até acadar unha maioría.

XURADO 2 : O xurado formado polo equipo de traballo da área de cultura que tomará a súa decisión por unanimidade previa deliberación e facendo fincapé nos criterios de valoración anteriormente indicados para o xurado 1 e que se deberán xustificar no informe final.

A resolución do concurso terá lugar o mesmo día 25 de febreiro. O Concello de Valdoviño non se responsabiliza das votacións emitidas polo xurado sempre e cando cumbran o establecido nas Bases. Calquera interesado poderá consultar as votacións dos xurados que serán recollidas nunha acta de escrutinio por un membro da organización que actuará como secretario/a.

19.- Finalizadas todas as actuacións deixarase un tempo para facer o relato de puntuacións dos xurados e seguidamente citarase no palco aos gañadores da modalidade “Outros” e a un

representante de cada unha das comparsas participantes. A comparsa escollida como gañadora polo xurado “representantes das comparsas” será a encargada de repetir a actuación ao final do acto.

20.- Durante a celebración desta actividade prohibese a subministración e consumo de bebidas alcohólicas nos espazos destinados a este fin.

21.- O Concello de Valdoviño resérvase o dereito de anulación do desfile por inclemencias do tempo. No caso de anulación do pasarrúas o festival comezará ás 17,30 horas na Casa da Cultura.

22.- Se coa finalidade de mellorar o desenvolvemento dos actos programados se considerase conveniente introducir modificacións ao aquí fixado, poderá facerse por parte da organización. Atendendo a este punto solucionaranse os imprevistos que puidesen xurdir entre o día de comezo de inscricións e o día do festival.

23. -Todos os integrantes das comparsas quedarán obrigados a atender as recomendacións que lles indiquen os traballadores dos corpos de seguridade e da organización. De producirense danos a bens ou persoas durante o desenvolvemento da actividade que non sexan imputábeis ao Concello de Valdoviño, a responsabilidade derivada será asumida íntegramente polos inscritos como participantes na/s solicitudes que producen os danos. Igualmente, o Concello de Valdoviño non se fará responsábel das accións realizadas por grupos ou persoas non inscritas.

24.- Con posterioridade ao evento emitirase informe para poder proceder cos pagamentos que cumpridamente se deban facer atendendo ao estipulado nas presentes Bases e onde figurarán as puntuacións, os importes acadados polos participantes premiados, así como aqueles premios que ficasen desertos se fose o caso, as cantidades económicas fixas outorgadas a cada comparsa e calquera incidente que se tivese que resolver con motivo da celebración da actividade

25.- A inscrición no concurso enténdese como aceptación plena das Bases fixadas para o mesmo, sen que se poidan formular reclamacións de ningunha clase e por ningún concepto contra o aquí regulamentado. O incumprimento destas bases dará lugar á descualificación automática da comparsa participante e á anulación da axuda estipulada. Non serán admitidos comportamentos ilegais, vexatorios ou de mal gusto que excedan o espírito crítico, satírico e lúdico do Entroido.

26.- Como anexo a estas bases figura a documentación para a inscrición.

27.- Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións . Estarán a disposición dos interesados, xunto aos modelos de inscrición na páxina web do Concello, no taboleiro de información e na Casa da Cultura

En todo o que non está previsto nestas bases terá de aplicación supletoria a Lei Xeral de Subvencións 38/2003.

Valdoviño, 31 de xaneiro de 2023.

Alcalde,

Alberto González Fernández..

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

.- PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN.-

Vista a Orde do 2 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, (código de procedemento (CT235A).

PROPONSE,

Participar en dita convocatoria de subvención e solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través do procedemento CT235A subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico (programa A) e para subvención para a mellora das coleccións bibliográficas (programa B), ao abeiro da convocatoria indicada. Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 1 de febreiro de 2023.

O alcalde: Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

4º.- EXPEDIENTE: PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN VESTIARIOS PARA CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE. ESCRITO DO DIRETOR DE OBRA, COMPLEMENTARIO AO SOLICITADO POLA XUNTA DE GOBERNO DE 19.12.2022.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe presentado polo director da obra, don Rubén Fernández Lombardero mediante escrito rexistro entrada 202399900000135 de data 27.01.2023, complementario ao solicitado pola Xunta de Goberno Local do 19.12.2023, e aportado en data 18.01.23(202399900000081), do que se deu conta en Xunta Goberno de 26.01.2023.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento e mediante votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a resolución por mutuo acordo do contrato, solicitada polo adxudicatario á vista dos informes técnicos emitidos polo director de obra.

Segundo.- Realizar os trámites tendentes á adxudicación da obra ao seguinte licitador que presentara a oferta máis vantaxosa, polo importe e prazo de execución indicado no informe do director de obra.

FÓRA DA ORDE DO DIA

Despois de sometida e ratificada pola Xunta de Goberno a urxenza do asunto que de seguido se especifica, en base a evitar demoras na tramitación dos expedientes de contratación, inclúese fóra da Orde do Día.

.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: SUBMINISTRO DE CARTELERÍA DE SEÑALIZACIÓN VIARIA. SEÑALIZACIÓN DE CALLES, RUEIROS, LUGARES E PARROQUIAS.-

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Asunto: Expediente 2022/C005/000001

“Subministro de cartelería de señalización viaria. Señalización de calles, rúas, lugares y parroquias”.

ANTECEDENTES

Mediante acordo de órgano de contratación na sesión do 10 de novembro de 2022, visto o expediente tramitado cos actos preparatorios, acordouse aprobar o expediente de contratación do subministro antedito; investimento incluído no Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos da Deputación Provincial do 2022. Aprobouse mediante procedemento aberto, cun único criterio de valoración factor prezo, cun orzamento de licitación de 42.916,28 € IVE incluído (35.468,00€ sen IVE e 7.448,28€ de IVE); cun prazo de execución de 2 meses.

Publicouse anuncio na Plataforma de Contratos do Estado o 14.11.22, e rematado o prazo de presentación de proposicións a Mesa de Contratación en sesión de 12.01.23 apertura os sobres A e cualifica a documentación administrativa, admitindo a todas as empresas, que son as seguintes:

NIF: A78015880 API MOVILIDAD S.A.

NIF: B01700848 EUROSEÑAL

NIF: B-15139504 MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.

NIF: B59720987 PROSEÑAL, S.L.U. NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.

NIF: A42004598 SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.

En sesión de 16.01.23, a Mesa de contratación apertura os sobres B de oferta económica, resultando tal como consta na acta da sesión:

“

...

1.- Apertura criterios evaluables automáticamente: 2022/C005/000001 - Señalización de calles, rúas, lugares y parroquias.

Procedese a abrir os sobres “B” dos licitadores, todos eles admitidos:

NIF: A78015880 API MOVILIDAD S.A.

NIF: B01700848 EUROSEÑAL

NIF: B-15139504 MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.

NIF: B59720987 PROSEÑAL, S.L.U.

NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.

NIF: A42004598 SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.

Comprobouse que a presentación da oferta económica concorde co Anexo modelo de oferta indicado nos pregos de cláusulas administrativas particulares, concordando todas as ofertas.

NIF: A78015880 API MOVILIDAD S.A.

Oferta o prezo de: Trinta e cinco mil novecentos noventa e oito euros con dezoito céntimos (35.998,18€), IVE incluído.

NIF: B01700848 EUROSEÑAL

Oferta o prezo de: 32.224,04€

IVE (21%): 6.767,05€

Total Iva incluído: 38.991,09€

NIF: B-15139504 MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.

Oferta o prezo de:

Base imponible: Vinte e sete mil trescentos euros (27.300,00€)

IVE (21%): Cinco mil setecentos trinta e tres euros (5.733,00E)

Total: Trinta e tres mil trinta e tres euros (33.033,00€)

NIF: B59720987 PROSEÑAL, S.L.U.

33.860,00€ (Trinta e tres mil oitocentos sesenta euros) IVE excluído

IVE: 7.110,60€

40.970,60€ (Corenta mil novecientos setenta euros con sesenta céntimos) IVE incluído.

NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.

Oferta o prezo de: 25.923,09€ (Prezo sen IVE)

Vinte e cinco mil novecientos vinte e tres con nove euros (Prezo sen IVE)

NIF: A42004598 SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.

Oferta o prezo de:

Corenta mil cincuenta e oito euros con noventa e nove céntimos 40.058,99E IVE incluído (33.106,60€ + 21% IVE 6.952,39€).

2.- Valoración criterios evaluables automáticamente: 2022/C005/000001 - Señalización de calles, rúas, lugares y parroquias.

De conformidade co recollido no punto 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación, faise a valoración económica co Programa de ofertas económicas da Deputación da Coruña, acordando tomar coma referencia o prezo sen IVE: 35.468,00€; e tendo en conta 100% coma factor prezo.

Calculase o importe sen IVE de API movilidad.- 29.750,56

Calculase o importe de Proyectos Integrales de Balizamientos con IVE.- 31.366,94

Este Programa valora as proposicións do seguinte xeito:

NIF: A78015880 API MOVILIDAD S.A.:

Valor introducido por el licitador: 29.750,56€. Baixa (%) 16,12. Puntuación: 72,82

NIF: B01700848 EUROSEÑAL:

Valor introducido por el licitador: 32224,04€ Baixa (%). 9,15 Puntuación: 42,70

NIF: B-15139504 MANUEL VAZQUEZ PEREZ S.L.:

Valor introducido por el licitador: 27300,00€. Baixa (%) 23,03.- TEMERARIA.
Puntuación: 90,23

NIF: B59720987 PROSEÑAL, S.L.U.:

Valor introducido por el licitador: 33860,00. Baixa (%) 4,53 Puntuación: 21,14

NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.:

Valor introducido por el licitador: 25923,09€. Baixa (%) 26,91.- TEMERARIA.
Puntuación: 100

NIF: A42004598 SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.:

Valor introducido por el licitador: 33106,60. Baixa (%) 6,66 Puntuación: 31,08.

Observado que dúas empresas incurrir en presunción de anormalidade, e que no prego de cláusulas que rexen a contratación non se especifican os parámetros para xustificar a anormalidad da oferta; pola secretaria municipal en calidade de asesora xurídica da Mesa faise constar que efectuou consulta xurídica ao respecto, indicando que debe procederse seguindo o procedemento de adxudicación coa empresa que ofertou co menor prezo (Proyectos Integrales de Balizamientos S.L); por ser o prezo o único factor de adxudicación neste procedemento; engadindo que non procede pedir a información e documentos de xustificación da baixa ao non ter definido o xeito de xustificala nos pregos.

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA:**

1º.- Elevar o actuado pola Mesa de Contratación ao órgano de contratación, así como o resultado da valoración efectuado.

2º.- En base ao asesoramento feito á Mesa de Contratación pola secretaria municipal en calidade de asesora xurídica deste Órgano segundo se dispón na Disposición Adicional Segunda da LCSP, que no seu punto 7 di:

7. La Mesa de Contratación estará presidida y formarán parte de ella como vocales, el Secretario, titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico... “

FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN a favor da empresa máis vantaxosa economicamente:

NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.; entendida dita adxudicación supeditada ao estipulado nos puntos 14 do prego de cláusulas administrativas particulares.

...”

Vistos os antecedentes expostos e a tramitación do expediente,

Esta Alcaldía, propón á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Tomar en consideracións o actuado ata este intre no expediente, e conforme ao proposta pola Mesa de Contratación e co punto 14 do Prego de cláusulas administrativas

particulares que rexen a contratación do subministro, REQUERIR ao licitador proposto coma adxudicatario NIF: B19226364 PROYECTOS INTEGRALES DE BALIZAMIENTOS, S.L.; por ter presentada a mellor oferta, para que dentro do prazo de 10 DIAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a áquel no que houberse recibido o requerimento, presente, con sinatura electrónica a documentación específica neste punto 14 do prego (14.1 e 14.3).

SEGUNDO.- De conformidade co punto 14.4 de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento efectuado no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas en puntuación.

TERCEIRO.- Notifíquese o acordado aos licitadores para o seu coñecemento.

/Documento asinado electrónicamente na marxe polo sr. alcalde/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/